

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Traducción: Lucía Cerdeira  
Maquetación: Enrique Soto  
Colaboran neste número: Lourdes Castiñeira, Victor Revenga

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.  
Imprime: Copy Camelias. Depósito Legal: VG:40-1998.

**SEMPRE CONNOSCO**

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias, 78 Oficina K- 36211 Vigo.
- ♦ Apartado de Correos 1836, 36200 Vigo
- ♦ Teléfono/fax: 986 438 505
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 106

Xuño

Editado 6/6/11

## O NOSO AMIGO GUILLE



Recibimos a chamada da fatal comunicación o sábado: NON PODE SER. IMPOSIBLE...

Non hai negligencia, non hai erro humano, non hai erro técnico, non rompeu ningún material, o grupo compórtase como é cotián, non hai erro da organización, ... Seino, seino sen preguntar, seino sen sabelo.

Pranto e angustia habitan en nós. Mais, hai que repoñerse porque para outras persoas esta dor é aínda moito máis aguda.

Guillermo, María José, Martiña,... como ides soportar esta traxedia!! Gelo, Carol, Iago, Miguel,... ¡que lousa! pasar por este transo.

As fatalidades chegan á vida cando menos preparado estás para elas, e chegan da man de desoladoras circunstancias inesperadas.

Guille, chorareite, chorarémoste ata que o tempo converta as bágoas en sorrisos, neses teus sorrisos cálidos que sempre tiñas marcando os beizos. O noso corazón acollerate para sempre, para sempre levarte a todas partes, a recordar os camiños que xa coñeces e a percorrer novos camiños xuntos.

GUILLERMO DE OCA MONTERO, Operación Benxamín sendo neno, continúa Guille, un dos 'meus nenos', tivo a desgraza de tropezar e trincar a vida, esvarando por unha ferverza do río Aungalba, en Mondoñedo, o día vinte e oito de maio do ano dous mil once nunha actividade oficial da Federación Galega de Espeleoloxía.

Nun medio fermoso, onde estaba gozando da actividade, do lugar, da compañía, ... E facendo plans para seguintes actividades, truncouse a vida, parouse para el, nun momento de goce pleno.

Imaxino, e quédome con esa imaxe para sempre na miña mente, que o derradeiro que observou antes de esvarar, foi ese leito do río feito pola auga que vai labrando o granito convertendo as ferverzas en fermoso percorrido sen desniveis, o bosque cheo de vida, esa mesma vida que tiña Guille e que alí entregou sen ter perda dela.

Esa é a imaxe: Guille de pé observando o berce do río cun sorriso de felicidade.

E aí estás para min, segues aí porque te sintes ben nese lugar.

Guille comezou no Club moi novo. É un deses MEMBROS que forman as raíces, troncos e ramas do Club. Iníciase na

facendo espéleo na súa adolescencia, compaxina covas e canóns con mergullo na súa mocidade, fai esquí, fai escalada, ... Todo, todo e máis, e finou con vinte e dous anos recién cumpridos.

O Club, sabe canto aportan as persoas como Guille, que ademais, e sobre todo, aportar a calidez humana ao grupo, fainos medrar na calidade das nosas actividades. É ese gran de area imprescindible que precisamos para constituír esta nosa segunda casa.

E Marta, a súa irmá, 'tamén unha das miñas nenas' é tamén a nosa irmá nesta outra casa que é o Club, non podemos querela máis, porque o damos todo por ela, e seguiremos dando o que sexa preciso.

Pais e irmá, témosvos connosco continuamente e somos tamén a vosa familia, a outra, esa que non se ve a miúdo, esa familia que por moito tempo ou distancia que pase segue a ser sempre a mesma, e as dúas familias de Guille xuntas, amosaránlle o que lle quedou por ver.

Faremos que sigas aquí e gozando connosco como ti queres. Querémoste.

Lourdes

Neste número:

O noso amigo Guille	<b>1</b>
Sauda	<b>2</b>
Asemblea Xeral Extraordinaria	<b>2</b>
Vindeiras Actividades	<b>3</b>

Saúda

As miñas primeiras palabras veñen condicionadas pola dor, do Club e meu.

Grazas Guille por ser Montañeiro desde o 14/04/98 e por sempre.

Tamén, como novo presidente de Montañeiros Celtas, quero mostrar o meu agradecemento á anterior Xunta Directiva, a Comisión Xestora e especialmente ao presidente de ambas, Fernando Fernández Rei, polo traballo, a dedicación e o esforzo ofrecidos ao Club.

Polas horas roubadas ao sono e á familia.

Todo de forma altruísta.

Grazas de corazón.

Victor Revenga Lama.

## ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

De conformidade cos artigos 20 e 22 dos estatutos aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria de data 2/5/04, convócase unha Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebrará o xoves 23 de xuño do presente ano ás 19:00 horas en primeira convocatoria e ás 19:30 en segunda convocatoria, no local social do Club, sito en Avda. Camelias 78 oficina K de Vigo, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea Xeral Extraordinaria do 25/3/11
2. Presentación da nova directiva
3. Estado de contas.
4. Refuxio de Domaio. Rescisión do contrato.
5. Organización da ruta para a plataforma da defensa do Galiñeiro.
6. Rogos e preguntas.

## Vindeiras Acticidades Club

MES	DATA	LUGAR	Actividade	Organiza
Xuño	18-19	Ancares Leoneses	Villarbón Existe	S.D Montaña
	A determinar		Bautismo buceo descontable curso - OPEN WATER DRIVER	S.D Subacuáticas
Xullo	A determinar	Portonovo	Actividade de Mergullo	S.D Subacuáticas
	16-17	Xuño (Porto do Son)	Campamento de Verán	S. Actividades Sociais
	23	Serra do Galiñeiro	En busca del mar 1ª parte	S.D Montaña
	25	Serra da Groba	En busca del mar 2ª parte	S.D. Montaña
	23	Galiñeiro y Groba	En busca del mar ( 1ª Osadía Celta)	S.D Montaña
	A determinar	Cíes	Actividade de Mergullo	S.D Subacuáticas
Agosto	29/07 – 6/8	Zuriza	XIV campamento Pirenaico	S.D Montaña
	30/7 – 7/8	Cantabria	Campaña de exploración espeleolóxica Serra do Hornijo	S.D Espeleoloxía

Remitímosvos á páxina web do club WWW.CELTAS.NET para consultas das vindeiras actividades.

## Vindeiras Acticidades FGM

XUÑO	
11,12	XXIV Marcha con Vivac - FGM-C.M. Xistra
11,12	Curso de Escalada en Vías de Varios Longos en Terreo Equipado - FGM-EGAM
18,19	Curso de Escalada en Terreo Desequipado - FGM-EGAM
18,19	XL Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña - FGM-C.M.Xistra
18	II Andaina Bombeiros Voluntarios de Melgaço e Ultra Trail - Rota do Alvarinho - Copa 50km - FGM
25,26	Curso Escalada en Fisuras - FGM-EGAM
25,26	Curso de Autorrescate - FGM-EGAM
25	VIII Marcha de Montalegre (Portugal) - FGM
XULLO	
2,3:	Curso Descenso de Barrancos - FGM-EGAM
9,10	XVII Descenso de Barrancos - FGM-C.M. Xistra
16,31	Campamento Alta Montaña Alpes Xulianos FGM
AGOSTO	
do 16 ata o 23	Campamento Anual da Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada Pirineo Catalán (Valle de Boi) FEDME